

LITERATURA DAS LETRAS: NOVAS ACHEGAS A LOIS PEREIRO

Anxo Angueira y Teresa Bermúdez (coord.) (2011).
Que lle podo prometer a quen me intente? Monográfico Lois Pereiro
(Vigo: Xerais / Universidade de Vigo,
Grupo de Análise e Estudo da Literatura e a Tradutoloxía)

Como adoita acontecer coas figuras homenaxeadas, a bibliografía noutrora escasa sobre Lois Pereiro medrou de maneira considerábel ao dedicarlle en 2011 o Día das Letras Galegas. O interese de determinados axentes culturais (institucionais, editoriais) e a demanda dun lectorado pertencente, en boa medida, ao ámbito do ensino favoreceron a consolidación dun xénero, o dos «libros das Letras» que até o de agora viña resultando rendíbel e que nun futuro inmediato se verá talvez condicionado tanto polo escenario económico como polas novas tendencias editoriais.

Non é pouco o que se leva debatido sobre a oportunidade e a función duns produtos concibidos case sempre de costas a calquera intento de planificación. Aínda que as consideracións sobre estas disfuncións quedan fóra dun espazo coma este, non estaría de máis deixar constancia das características que se aprecian na produción do ano Lois Pereiro. Refírome á subxectividade dunha boa parte das achegas, derivada non tanto da vontade de homenaxe como da necesidade de levala a cabo desde un discurso alternativo ao ensaísmo e a divulgación científica tradicionais. Deste xeito, algunhas obras botan man da ficcionalización: *A palabra exacta. Biografía sobre Lois Pereiro*, de Antón Lopo, ou *Lois Pereiro. Naufrago do Paraíso*, de Marcos Calveiro. Outras instálanse na subxectividade, na heterodoxia e no intento de se aproximaren de xeito orixinal ao universo do escritor. Tal acontece con *Radiografía do abismo*, de Antón Patiño; *Lois Pereiro. Vida e obra*, de Iago Martínez, ou *Lois Pereiro. Unha persecución*, de Mario Regueira. A excepcionalidade da figura de Lois Pereiro e a súa recente e polémica incorporación ao canon posibelmente expliquen a elevada dose de subxectividade e a procura de novas fórmulas discursivas, afastadas do academicismo, nos achegamentos á súa obra.

Subxectividade e academicismo están tamén presentes no volume *Que lle podo ofrecer a quen me intente?*, coordinado por Anxo Angueira e Teresa Ber-

múdez, e situado na órbita dos «libros das Letras». A obra, elaborada no seo do grupo GAELT (Grupo de Análise e Estudo da Literatura e a Tradutoloxía) da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, inaugura unha colección que «en consonancia coa actividade que se desenvolve arredor do Día das Letras Galegas, [...] quere contribuír ás numerosas achegas ó estudo do autor ou autora ó que se lle dedica esta celebración» (p. 7). Estamos polo tanto diante dun volume heteroxéneo cuxa eficaz organización en seccións «Retratos», «Análise», «Documentos», «Traducións» e «Creación» mitiga a dispersión que alguén podería poñer como chata a un libro concibido no ámbito académico.

No apartado dedicado aos «Retratos», o libro reproduce algúns textos publicados no seu día por persoas próximas ao escritor, como é o caso de Xosé Manuel Pereiro, de quen se recupera o «Retrato de Lois como artista adolescente» publicado en *El País* en 2010. Sobre a mítica viaxe a Santander para participar na «Semana de las Fuerzas Atroces del Noroeste» volve tamén Fermín Bouza en «Coa lembranza dos momentos compartidos», ao que segue unha reprodución facsimilar de notas de prensa. Maior interese esperta a breve lembranza «De como Loíson fundou Edicións Positivas», de Paco Macías, un interesante documento para unha historia editorial que está aínda por escribir.

A sección «Análise» atende fundamentalmente a dúas fronteas que moi a miúdo se mesturaron no achegamento á obra de Lois Pereiro: a interpretación e a recepción. Da segunda delas, e en concreto da adscrición xeracional do poeta de Monforte, ocúpase un traballo de Manuel Forcadela significativamente titulado «Lois Pereiro, poeta dos oitenta». Partindo da participación do escritor nos volumes *De amor e desamor* (1984 e 1985), así como dunha distinción entre as categorías «autor real» vs «ficción de autor», lévase a cabo unha interesante radiografía persoal —de quen foi xuíz e parte— da xeración dos oitenta na que Pereiro ocupou unha posición «lateral, fronteiriza, límite, periférica» (p. 30). Forcadela considera que «Lois Pereiro é unha ficción autor dos noventa con prácticas textuais dos oitenta» (p. 35), denuncia «unha certa estreiteza de miras á hora de construír o discurso crítico» sobre este período e advirte dos perigos que entraña «empregar a Lois Pereiro como pedra contra Xd80» (p. 38). Con independencia da polémica que del se poida desprender, o traballo de Forcadela aborda outra das materias pendentes na literatura contemporánea como é a periodización das promocións máis novas. Na cerna da poesía de Pereiro mergúllanse as dúas achegas ben diferentes no seu enfoque. Unha delas, «O peso dos días. Vida *versus* Morte na obra de Lois Pereiro», está

asinada por unha voz experta no discurso poético actual e atenta no seu día á obra do poeta monfortino, Teresa Seara. A outra é da autoría dun vello compañeiro dos tempos *De amor e desamor*, Xavier Seoane, que titula o seu ensaio «Lampexos contra as ruínas. Nos dominios da urxencia (Unha aproximación á obra de Lois Pereiro)». Distinto é o enfoque que adopta Alberto Valverde no último dos traballos do bloque, «A linguaxe *underground* en Lois Pereiro», por enfrontarse a un tema máis asumido que analizado como é a presenza da cultura *underground* na obra do poeta.

A sección «Documentos», que nun autor como Lois Pereiro xera interesantes expectativas, achega a transcripción dunha das xoias do seu arquivo sonoro: a gravación do recital celebrado no pub Moka en xaneiro de 1996, amplamente difundida no pasado ano a través da Internet. O volume complétase cunha sección dedicada á tradución, bastante inusual nos libros destas características, na que se ofrecen versións de textos de Pereiro ao alemán, éuscaro, francés, inglés e italiano, e outra á creación, con achegas de Xabier Cordal, Estíbaliz Espinosa, Chus Pato e Dores Tembrás.

Creatividade, homenaxe e difusión da obra de Pereiro máis alá das súas fronteiras lingüísticas —franzas estas, recordemos, tamén amadas por el— conxúganse coa memoria e rigor filolóxico nun volume de natureza heteroxénea que pretende contribuír ao coñecemento do escritor. Deixando (entre) aberto o debate sobre a «literatura das Letras Galegas» e á espera dunha posíbel e talvez necesaria redefinición, cómpre pór de relevo a fórmula que este volume de título loispereiriano propón.

MARÍA XESÚS NOGUEIRA
Universidade de Santiago de Compostela